

A. Toimil Castro (2004): “Aspectos xerais da toponimia do concello de Lalín”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 561-566.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ASPECTOS XERAIS DA TOPONIMIA DO CONCELLO DE LALÍN

Afonso Toimil Castro

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Ó afrontar un estudio de toponimia galega, sexa este referido á toponimia maior (nomes de cidades, vilas, parroquias, lugares, barrios, etc.) ou referido á toponimia menor (nomes de montes, ríos, regueiros, prados, leiras, veigas...) o autor pode escoller diferentes perspectivas: clasificación de topónimos atendendo á antropotoponimia, á orotoponimia, á fitotoponimia..., centrarse no seu estudio etimolóxico, na castelanización que sufriron estes ó longo dos séculos, etc. Como resultado obvio, o mellor traballo sería aquel que se centrase en todos estes puntos e mesmo se podería mellorar con propostas de restauración naqueles topónimos onde a deturpación sufrida fose moi forte. No que atinxe a este traballo, a decisión final foi a de comprobar, a través das distintas fontes escritas consultadas, a desaparición dalgún topónimo e a aparición de moitos outros, como veremos, así como a de estudia-la castelanización que sofren os topónimos do Concello de Lalín cotexando fontes escritas do s. XIX e do XX. As fontes que empregamos son: o *Diccionario Geográfico-estadístico-histórico de España y posesiones de ultramar* de don Pascual Madoz, a *Geografía del Reino de Galicia* de Carreras i Candi e os nomenclátors de 1970, 1981, 1986 e 1991, ata chegar á publicación no mes de xullo de 1996 no DOG (Diario Oficial de Galicia), da forma oficial das 428 entidades de poboación recollidas en todo o concello.

Para trata-la castelanización sufrida pola toponimia galega en xeral e pola de Lalín en particular é inevitable falar do proceso de castelanización lingüística de Galicia. Como é sabido de todos, a nosa lingua nace do desenvolvemento que o latín falado experimenta no noroeste da península Ibérica, sufrindo un proceso de evolución paralelo ó dos outros romances fillos do latín e chegando á Idade Media xa consolidado como lingua. É precisamente nesta época, non superada posteriormente, cando o galego vive unha situación «normalizada», xa que é a lingua do pobo e a lingua da cultura, a lingua da Igrexa, xunto co latín, e a lingua da Administración; isto, basicamente, e de forma

moi sucinta, é o que ocorre ata o s. XV. A partir deste século e ata o s. XIX, por razóns de sobra coñecidas e que agora non cómpre mencionar, a historia escrita do galego cóntase pola súa ausencia e a lingua que se emprega para usos formais vai se-la castelá; o primeiro tercio do s. XX é realmente esperanzador, recobrando o galego eidos que tiña perdidos desde había séculos, pero a Guerra Civil trunca de novo tódalas expectativas e agárdanlle á nosa lingua 40 anos de moi dura represión. A fixación escrita de topónimos non vai estar alleo a estas tendencias.

Para o estudio da castelanización dos topónimos hai que sinala-lo papel negativo que a institución eclesiástica representou desde moi cedo en Galicia no desenvolvemento do galego, xa que en tódolos países de Europa con situacións lingüísticas semellantes á nosa (Cataluña, País Vasco, A Bretaña...) a Igrexa sempre foi fiel á lingua do seu pobo. Mesmo en momentos onde a represión lingüística foi máis forte, caso da época franquista, o papel da Igrexa catalana e vasca foi fundamental, cando aínda hoxe en moitas parroquias e vilas galegas non se escoita unha misa en galego. Este asoballamento reflíctese moi ben na nosa toponimia, sobre todo, como comprobaremos logo, na advocación do topónimo, que foi sistematicamente castelanizada.

Ó compara-los topónimos que aparecen nas distintas fontes consultadas coa forma oficial que hoxe teñen, produto da publicación do DOG, pódese comprobar que un número elevado deles manteñen a mesma forma, ben porque foneticamente non teñen trazos característicos galegos, ben porque lexicamente son opacos; é o caso de topónimos como *Golmar*, *Bermés*, *Madriñán*, *Rodís*, etc. (poderíamos citar moitos máis). Pero, do mesmo xeito, tamén se pode apreciar que hai unha cantidade moi importante deles que foron castelanizados dunha maneira ou doutra (hai que distinguir, por unha parte as fontes consultadas que foron publicadas antes da *Lei de normalización lingüística* (Lei 3/83), que en canto ó proceso de castelanización se poden agrupar conxuntamente, das que son publicadas despois de marzo do 83, e centrarse, finalmente, na recuperación total que recolle a toponimia de Lalín publicada polo DOG do 19 de xullo de 1996). As distintas formas en que o proceso de castelanización se manifesta son:

–Por hibridación: é dicir, cando a forma toponímica está formada por substantivo+substantivo, substantivo+adxectivo e un dos elementos é castelanizado. *Fuentecabalos*, *Sotolongo*.

–Adaptación do sistema fonético galego ó castelán. Isto provoca que o son prepalatal fricativo, xordo do galego [ʃ] do sistema fonético castelán sexa substituído polo son velar, fricativo, xordo [x] que non existe en galego; esta equivalencia é habitual entre galego e castelán como se comproba en moitísimas parellas de palabras (*tojo-toxo*, *cojo-coxo*, etc.). Son numerosísimos os exemplos que podemos atopar: *Moneijas*, *Méijome*, *Jaján*, *Abonjo*, *Gesta* polos galegos *Moneixas*, *Méixome*, *Xaxán*, *Abonxo*, *A Xesta*.

–As equivalencias galego-castelás l-ll (*polo-pollo*), n-ñ (*cana-caña*), ñ-n (*viño-vino*) explican a castelanización de topónimos coma *Villameá* (recollido no Carreras i

Candi), da *Peña*, do *Espino*, de *Villatuje* pola forma galega *Vilameá*, *A Pena*, *O Espiño* e *Vilatuxe*, respectivamente. Hai que salientar, sen embargo, que as formas *Vila-Villa* convive na toponimia galega, aínda que a forma normativa sexa, obviamente, *Vila*.

Tamén as equivalencias galego-castelás que se atopan en palabras do léxico común como *maior/mayor*, *maio/mayo* explican os topónimos *Goyás*, *Costoya*, *Sampayo* que recollen os nomenclátore no canto dos galegos *Goiás*, *Costoia* e *Sampaio*, respectivamente.

–Traducción: É sistemática na advocación do topónimo, porque tódalas que non coinciden co castelán son traducidas. É necesario facer un pequeno inciso, xa que non tódalas fontes consultadas recollen a advocación do nome da parroquia, como é o caso do nomenclátor de 1970, e só a partir de 1986 aparece esta en galego. No Madoz e no Carreras i Candi, de 51 parroquias que conforman o Concello de Lalín segundo eles, 20 teñen a advocación en castelán e as restantes, como xa antes sinalamos, non a teñen porque a forma coincide co castelán. Exemplos: *San Juan de Anzo*, *San Esteban de Cadrón*, *San Martín de Cello*, *San Pedro Feliz da Xesta*, *San Adriano de Madriñán*, *San Lorenzo de Moimenta* e *Santa Eulalia de Losón*. Resulta curioso que moitas veces na mesma fonte se rexistre a advocación en castelán *San Pedro Feliz (Gesta)* e na mesma parroquia o lugar sexa *Sanfiz* coa forma en galego. Tamén é moi frecuente *San Martín* e *Sanmartiño*. Recollemos, así mesmo, o topónimo *Santabaia* e a advocación *Santa Eulalia*. A parroquia de *Villanueva (San Juan)* aparece coa forma traducida denominándose un dos lugares *Vilanova*. Outro dos topónimos que sempre ten a forma en castelán é o de *Eirexe*, *Eirixe*, *Eirexa* por *Iglesia*.

Pero que a forma toponímica apareza deturpada non se debe só á castelanización, senón que existen outros factores que imos tratar de sistematizar. O feito de analizar unha zona xeográfica concreta, o Concello de Lalín, é a causa de que dentro destes topónimos non existan variantes dialectais, como podería ocorrer, por exemplo, se o estudio abarcase a toponimia maior da comarca do Deza, que engloba máis concellos e as diferencias lingüísticas xa agroman. O que si hai é un problema gráfico debido a que o idioma galego, ata a publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* en outubro de 1982, viviu sen un padrón normativo oficial como referente. Así, ollando os nomenclátore e as fontes consultadas ata 1981, encontramos parellas do tipo *Votos/Botos*, *Casas-Bellas/Casas-Vellas*, *Hermide/Ermida*.

Outra das deturpacións que se observa é a referida á inconsistencia do vocalismo átono galego, aparecendo recollidos pares de topónimos como *Cázome* por *Cáceme*.

Percibimos, así mesmo, outro tipo de alteracións fonéticas:

- *Torobedo/Torguedo*. O primeiro posúe unha vocal anapfítica “o”, amais da confusión fonética do son bilabial, oclusivo, sonoro [b] co velar, oclusivo, sonoro [g] común en palabras do tipo *tuburio* por *tugurio*.

- Nos topónimos *Santullo/Soutullo* hai unha confusión gráfica primeiro entre a vocal “a” por “o” e segundo entre a consoante “n” pola vocal “u”. Esta segunda confusión tamén está presente na parella de topónimos *Euxame/Enxame*.
- Vacilación no ditongo *oi/ui*. Na zona descrita é característico o ditongo *oi*, sen embargo rexístrase das dúas maneiras: *Tuimil/Toimil*, *Muimenta/Moimenta*.
- O Concello de Lalín está dentro da isoglosa que delimita o fenómeno fonética da gheada. Só se recolle un caso de topónimo afectado transcrito no Madoz como *Rejoufe* e con iota; esta é a tendencia normal, xa que este fenómeno está considerado como vulgar, non só polos foráneos senón tamén polos propios galegos e é rara a súa presenza nos nomenclátors.
- Hai tres casos onde o son prepalatal, fricativo, xordo [ʃ] está representado pola letra “f”: *Far*, *Anzufao* e *Padrufao*, recollidos os tres no Madoz, probablemente por unha interpretación gráfica errónea, confundindo un iota “j” cun efe “f”.
- Por último, sinalar un caso de *e* paragórico recollido no topónimo *Vale* no Madoz, que non se atopa en ningún nomenclátor posterior.

Hai que deixar caro que, así como os casos de castellanización expostos son comúns ás fontes consultadas de data anterior a 1963, estes últimos son tirados do Madoz, sobre todo, e do Carreras i Candi, en menor medida, en parte porque esta última fonte ofrece unha información moi pouco exhaustiva, non recollendo máis ca 170 lugares e 51 parroquias.

Os nomenclátors de 1986 e de 1991, practicamente idénticos, contabilizando ámbolos dous a mesma información toponímica (384 topónimos), son os primeiros que ofrecen unha información galeguizada, pero na que hai que facer matizacións. A advocación nalgúns topónimos, os menos, segue coa forma non galega: *Barcia* (*San Esteban*), *Madrrián* (*San Adrián*), *Vilatuxe* (*San Lorenzo*). Noutros o proceso de galeguización non chegou a termo: *Lalín* (*Santa María dos Doores*). Ademais, sabemos que moitas formas toponímicas en galego, así como en castelán, levan artigo (o caso que a todos nos ven á mente é o da *Coruña*) sendo nestes nomenclátors onde se empeza a recoller por primeira vez este tipo de información; pero, todo hai que dicilo, aínda que a intención foi boa, o resultado non o foi tanto. Leva artigo dun xeito sistemático o topónimo *Eirexa*, que se restaurou para todo o concello, cando nalgunhas parroquias a forma do topónimo é a de *Eirixe*, *Eirexe* e nunca con artigo. Non llelo poñen, por exemplo, ás parroquias da *Veiga* e da *Xesta*. Isto é algo que hai que salientar por que é unha información que non aparece nas fontes escritas, e cando aparece, cómpre prestarlle atención. Para unha boa restauración é conveniente ir á parroquia e cotexa-la información con varios informantes, xa que o artigo é un elemento importante do topónimo.

Polo que se refire á desaparición/aparición dos topónimos temos que recorrer á estatística para comprobarmos que en século e medio o incremento destes é moi relevante, xa que ollando o número de topónimos recollidos no Madoz temos un total de 51 parroquias e 297 lugares que conforman 348 topónimos. Actualmente son 428 os topónimos oficiais do Concello de Lalín repartidos entre 48 parroquias e 380 lugares; polo tanto, nun só concello e segundo as fontes escritas que serviron de soporte para este traballo, hai un incremento moi importante de 80 topónimos con respecto ós datos que nos ofrece un dicionario exhaustivo como é o Madoz e un aumento tampouco nada rexeitable con respecto ó nomenclátor de 1991. Se comparámo-los datos recollidos no Carreras i Candi 1930 (poboación do concello 18.807 persoas) cos que aparecen no nomenclátor de 1991 (poboación 20.360 persoas), vemos que a poboación no rural descende bastante con respecto a hoxe, tendo en conta que no momento actual viven no núcleo urbano preto de 10.000 persoas; sen embargo o incremento de topónimos alí é altísimo; parece, pois, un paradoxo, que aumenten as entidades de poboación e diminúa a poboación. As explicacións, non sendo nós especialistas interpretando datos deste tipo, poderían se-las seguintes:

–A primeira é que os nomenclátoreos nunca recolleron tódalas entidades de poboación e isto apréciase facilmente porque no de 1991 prodúcese unha diminución con respecto a hoxe de 44 topónimos; é obvio que no Concello de Lalín non houbo en 5 anos ese incremento.

–Tendencia dos topónimos novos a aparecer preto de novas vías de comunicación (estradas, ferrocarril), que a principios deste século estaban por construír como se pode ver no Carreras i Candi (p. 594):

“No tiene carretera alguna, pero hay una proyectada desde Prado a unir con la de Lalín a Santiago. El ferrocarril en construcción desde Orense a Santiago, trozo desde Orense a La Coruña, pasará por esta parroquia”.

A estación de tren do concello está na parroquia de *Botos*; nesta parroquia, contrastando os nomenclátoreos, atopamos un incremento de tres topónimos, denominándose un, por certo, *A Estación*. Na parroquia de *Prado*, estrada Santiago-Ourense, o lugar denominado *O Alto da Pena* aparece por primeira vez como tal na toponimia que publica o DOG, no mes de xullo de 1996. Salientar tamén que hai topónimos que xa se denominan coa forma castelá *A Carretera*, aínda que hai reticencias a aceptalos.

Outro dos aspectos a ter en conta para explica-la aparición de novas entidades de poboación é, en principio, outra aparente contradicción: a diminución de poboación no mundo rural está provocada pola alta taxa de emigración, sen embargo os que construíron, nunha porcentaxe alta, casas novas que conforman hoxe a paisaxe aldeá non foron outros cós emigrantes. O nacemento de lugares novos é produto da construción de casas, que simplemente coa aparición de dúas ou tres xa conforman un lugar e, polo tanto, a aparición dunha nova entidade de poboación que probablemente vai recibir un nome dun lugar da toponimia menor xa existente. Facendo o traballo de recollida de topóni-

mos, hai casos de lugares constituídos por ese número tan reducido de vivendas. En canto á desaparición de topónimos, afortunadamente é case inexistente, podendo citar só na parroquia de Doade dous: *Lebojil* e *Bustelo* e na de *Botos* o de *Lamela*... O que si se aprecia é unha redistribución de formas toponímicas debido primeiramente á non coincidencia no número de parroquias que por unha banda propoñían as fontes do século pasado e principios deste, e por outra as máis recentes; así, as que eran parroquias de *Alperiz*, *Erbo*, *Fontecabalos*, *Palio* e *Pena* son hoxe lugares das parroquias de *Parada*, *Pal-mou*, *Sello*, *Rodís* e *Xaxán*, respectivamente. E o que era lugar da parroquia de *Goiás*, *San Ramón da Veiga*, é actualmente unha parroquia.

Por último, e xa para rematar, facer mención ó proceso de restauración que comezou plasmándose nos nomenclátors de 1986 e 1991, coas eivas xa comentadas e que rematou coa recollida de datos percorrendo cada unha das 48 parroquias que ten o concello, preguntándolles ós informantes o nome dos lugares, cotexando a información nos casos de dúbida e pasando despois pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, salientando que algúns topónimos xa só conservan na fala viva a forma castelá; de aí a urxencia da restauración. Aínda que este traballo xa tiña que estar rematado inmediatamente á publicación da Lei de normalización lingüística do 3/83, que no seu artigo 10 prescribe: «Os topónimos de Galicia teñen como forma única a galega. 2. Correspóndelle á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, territorios, núcleos de poboación, das vías interurbanas e dos topónimos (*sic*) de Galicia», o feito é que nunca chega tarde e hoxe é xa unha realidade que as 428 entidades de poboación do Concello de Lalín posúen a forma que sempre tiveron que ter.

BIBLIOGRAFÍA

- Carreras i Candi, F. (dir.), *Geografía de Galicia, provincia de Pontevedra* por Gerardo Álvarez Limeses, Barcelona, 1936.
- Instituto Nacional de Estadística (INE), *Nomenclátor 1970. Pontevedra* Madrid, 1973.
- INE, *Nomenclátor 1981. Pontevedra*, Madrid, 1984.
- INE, *Nomenclátor 1986. Pontevedra*, Madrid, 1990.
- INE, *Nomenclátor 1991. Pontevedra*, Madrid, 1993.
- Madoz, Pascual, *Diccionario Geográfico-estadístico-histórico de España y posesiones de ultramar*, Madrid, 1845.
- Santamarina Fernández, A., “Problemas para la restauración de topónimos gallegos” en *Actas de las I Jornadas de Onomástica, Toponimia*, Vitoria-Gasteiz, 1986, pp. 239-246.